

ORDENANZA 4.30
PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DA ESCOLA MUNICIPAL
DE MÚSICA

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación dos servicios da Escola Municipal de Música.

Artigo 2º. Concepto

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación dos servicios da Escola Municipal de Música.

Artigo 3º. Obrigados ó pagamento

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza os que soliciten ou se beneficien da prestación de servicios ou de realización de actividades na Escola Municipal de Música.

Artigo 4º. Contía

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

1. Matrícula anual	53,10 €
2. Cotas mensuais:	
2.a. Música e movemento 1 e 2 (dúas horas/semana)	31,90 €
2.b Linguaxe musical + práctica instrumental + agrupación (completo); tres horas por semana	47,80 €
2.c Práctica instrumental + agrupación (parcial); dúas horas por semana	38,25 €
2.d. Linguaxe musical	31,90 €

Artigo 5º . NORMAS DE XESTIÓN

1. A obriga de pagamento do prezo do prezo público nace no momento en que se inicia a prestación do servicio, entendéndose por tal a formalización da correspondente matrícula no Rexistro Xeral do Concello ou na oficina da Escola habilitada para tal efecto.

2. Os solicitantes do servizo están obrigados a:
 - Presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados para tal efecto pola Administración local.
 - Practicar a autoliquidación consonte o establecido no artigo 3.
 - Realizar o ingreso da autoliquidación resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades financeiras debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente matrícula.
3. No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes do primeiro día de clase, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do importe aboado.
4. Coa solicitude de matrícula deberá incluírse un número de conta bancaria no que serán aboados os recibos (domiciliación bancaria). O pagamento realizarase por meses anticipados, dentro dos oito primeiros días de cada mes. A falta de pagamento dunha mensuralidade implicará a baixa automática na Escola.

Artigo 6º. Exencións e bonificacións

1. Están exentos de pagamento da matrícula os usuarios menores de 18 anos nos que concorra algunha das seguintes circunstancias:
 - Que pertencen a familia numerosa.
 - Que sexan o terceiro ou posterior membro da unidade familiar que se matricula.
2. Estarán bonificados os matriculados menores de 18 anos que pertencen a familias con ingresos anuais netos por membro da unidade familiar inferior a 3.610 euros. A bonificación consiste na redución da matrícula a 30 euros e a redución do 20 por cento da contía mensual.
3. As exencións e bonificacións previstas concederanse por pedimento do interesado, que deberá achegar xunto coa solicitude correspondente, e no momento de efectuar a matrícula, a seguinte documentación:
 - Libro de familia: copia compulsada das follas de tódolos membros da unidade familiar.
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria na que consten as rendas de tódolos membros da unidade familiar.

Disposicion transitoria

Os importes desta Ordenanza aplicaránse ó curso 2005-2006

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación